



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Publicacion aprobación inicial Estatutos e Bases Xunta de Compensación S04-ARS-04

ANUNCIO APROBACION INICIAL DOS ESTATUTOS DE COMPENSACIÓN DO SECTOR DO SOLO URBANIZABLE DELIMITADO POLÍGONO S04-ARS-04 DO CONCELLO DE TORDOIA.-

O Pleno do Concello de Tordoia en sesión ordinaria celebrada o día 4 de febreiro de 2022, acordou:

Primeiro.- Aprobar inicialmente os estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación do Sector do solo urbanizable delimitado S-04 (ARS-04) do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Tordoia.

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación inicial no boletín oficial da provincia e nun dos xornais de maior difusión, someténdoo a información pública por prazo dun mes. A Resolución estará, ademais, a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello.

Terceiro.- Simultaneamente, notificarase de forma individual aos propietarios ou titulares de dereitos de contidos patrimonial no polígono, a fin de que, por idéntico termo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto das bases de actuación e estatutos e soliciten a súa incorporación.

Tanto no anuncio como na notificación deberá informase do dereito dos propietarios non promotores do proxecto de adherirse e incorporarse ao mesmo e, con iso, á futura xunta de compensación, debendo formularse a incorporación mediante escrito dirixido ao concello dentro do prazo que dure a información pública. Xuntarase ao citado escrito a documentación acreditativa da titularidade da/s parcelas/s do propietario.

Durante o devandito prazo de un mes, poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen alegacións que se estimen pertinentes, así mesma estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello “www.sede.tordoia.gal”.

Tordoia, 17 de febreiro de 2022.

O Alcalde,

Asdo.: Eduardo Antonio Pereiro Liñares

2022/883